



FEDERACIÓN GALEGA  
DE TAEKWONDO

# TEMARIO XUIZ DE MESA

Abril 2024



## INDICE

<b>Propósito</b>	<b>pág. .3</b>
<b>Medidas dos tapices</b>	<b>pág. 3</b>
<b>Uniforme do competidor</b>	<b>pág. 3</b>
<b>Categorías</b>	<b>pág. 4</b>
<b>Colocación dos xuíces puntuadores</b>	<b>pág. 5</b>
<b>Antes de saír ao tapiz</b>	<b>pág. 6</b>
<b>Puntuación dos xuíces</b>	<b>pág. 7</b>
<b>Cambios de ronda</b>	<b>pág....8</b>
<b>Freestyle</b>	<b>pág. 8</b>
<b>Exhibición</b>	<b>pág. 9</b>
<b>Solución de problemas</b>	<b>pág. 10</b>

## Propósito

Este temario ten como finalidade informar aos xuíces de mesa das tarefas a realizar durante a celebración dos campionatos oficiais de poomsae, freestyle i exhibición que se celebren en Galicia, xa que carecemos dun programa específico que figure nos regulamentos de estas modalidades e que se refiran unicamente a eles.

Recóllense, pois, os coñecementos básicos que se precisan para exercer correctamente a labor dun colectivo que é fundamental no desenvolvemento dos campionatos, co fin de especificar os criterios de funcionamento da dinámica dos eventos deportivos de estas modalidades.

### 1. Medidas dos tapices

O tapiz en calquera categoría de poomsae e nas categorías individuais e parellas de freestyle debe medir 10x10 m. En exhibición i equipos de freestyle as dimensións deberán ser 12x12m.

### 2. Uniforme do/a competidor/a

@s competidor/as deberán levar so os uniformes aprobados pola FGT co colo do dobok da cor que lle corresponde polo seu grao.

Non está permitido levar o dobok da selección galega nin da española, salvo que vaian convocad@s por ditas seleccións. No caso de que alguén queira participar con algún deses doboks, debemos avisal@s antes de saír ao tapiz de que non poden; se insisten descontaráselle -0,30 da nota final EN CAMPIONATOS PROVINCIAIS E AUTONÓMICOS, nos rankeables non se lles penalizará durante a competición descontándolle décimas da súa execución, pero non sumarán os puntos que acaden nesa competición.

So as competidoras femininas poderán levar camisetas/tops brancas. Non se permiten nos competidores masculinos ningunha prenda por baixo do dobok, e os calcetíns non están permitidos en ningunha categoría.

Levar pulseiras, aneis, reloxos, diademas, lazos, gomas nos pulsos.... penalízase con -0,30 en poomsae, freestyle da nota final. Cada cousa penaliza individualmente, é dicir, se unha nena leva pendentes, unha pulseira e unha camiseta negra, penaliza 3 veces. Non se permiten os piercings en ningún caso, nin tapados con esparadrapo. As competidoras poden ir lixeiramente maquilladas, pero as uñas non poden estar pintadas con cores fortes.



@s competidor@s poden levar vendaxes, tobilleiras, muñequeiras... sen pasar pola inspección médica, pero so nos campionatos celebrados a nivel autonómico en Galicia.

### **3. Categorías**

#### **A) Poomsae Infantil: Individual, Parellas e Tríos. As categorías individuais e os tríos estarán separadas por sexos.**

Benxamín

Alevín

Infantil

Cadete

Xuvenil

Ademais das parellas por categorías se engaden:

Parellas A (categoría nacional)

Parellas B (categoría nacional)

#### **B) Poomsae adulto**

As categorías de adulto divídense en:

- Individual masculino
- Individual feminino
- Parellas
- Equipos (tríos) femininos
- Equipos masculino

Que se dividen como se indica no seguinte cadro:

✚ Cadro de distribución de Categorias por xénero i idade para a competición de Poomsae oficiais

División		Cadete	Junior	Menos 30 anos	Menos 40 anos	Menos 50 anos	Menos 60 anos	Menos 65 anos	Más de 65 anos
Anos		12-14 anos	15-17 anos	18-30 anos	31-40 anos	41-50 anos	51-60 anos	61-65 anos	Con 66 anos o maior
Individual	Masculino	1	1	1	1	1	1	1	1
	Femenino	1	1	1	1	1	1	1	1
División		Cadete		Junior		Menos de 30 anos		Más de 31 anos	
Anos		12-14 anos		15-17 anos		18-30 anos		Con 31 anos o maior	
Parella		2		2		2		2	
Trio	Masculino	3		3		3		3	
	Femenino	3		3		3		3	

O grao mínimo para poder participar en adulto debe ser 1º PUM ou 1º DAN.

### C) Freestyle

En categorías infantís (idade escolar) se dividen en:

- Infantil
- Cadete


### D) Exhibición

As exhibicións se dividen nas seguintes categorías:

- Infantil
- Cadete
- Adulto

### 4. Colocación dos xuíces puntuadores

@s xuíc@s se numeran empezando pola esquina esquerda dende o punto de vista d@ competidor/a e no sentido das agullas dun reloxo.



## 5. Antes de saír ao tapiz

Pedimos DNI ou pasaporte @ competidor/a que lle toca saír ao tapiz, ou, se non é obrigatorio, asegurámonos de que é a persoa a que lle toca a súa quenda, preguntándolle o seu nome.

Comprobamos que a cor do cinto corresponde co grao que figura no sorteo. Se non é así, avisamos a/ao competidor/a de que ten que cambiálo. Se insiste, dicímosllo ao seu/súa adestrador/a, e se insisten en que está ben, avisamos a Dirección de arbitraje.

Preguntamos que poomsae vai facer se son categorías infantís, (Nos adultos xa están sorteados e son para todos igual), comprobamos, na folla que se nos proporciona a cada mesa, co baremo de poomsaes que poden facer, se está correcto. Se non é así, avisamos á/ao competidor/a de que non pode facelo (por exemplo, un cinto verde non podería facer o primeiro poomsae). Se insiste en facelo, avisamos @s xuíc@s de que vai facer un poomsae que non pode. @s xuíc@s xa son coñecedor@s do procedemento a seguir.

Axuntamos folla de baremo de poomsae das categorías infantís para que vos familiaricedes con ela. Os medios cintos tomarán como referencia os poomsaes do grao anterior. Por exemplo un verde-azul, tomará como referencia os permitidos para verde.

### Poomsae voluntario para a 2ª y 3ª Ronda

GRADUACIÓN	Tabla de grados para Poomsae voluntario,
AMARILLO	Taegeuk 1, 2, 3, 4, 5.
NARANJA	Taegeuk 1, 2, 3, 4, 5, 6.
VERDE	Taegeuk 2, 3, 4, 5, 6, 7.
AZUL	Taegeuk 3, 4, 5, 6, 7, 8.
ROJO	Taegeuk 4, 5, 6, 7, 8, Koryo.
1º, 2º y 3º PUM	Taegeuk 4, 7, 8, Koryo, Keumgang.

Se un/ha competidor/a infantil fai un poomsae distinto do que dixo que ía facer, ou un adulto realiza un que non lle corresponde, tamén debemos avisar @s xuíc@s, que saberán como deben puntualo.

#### 6. Puntuacións dos xuíces

As notas d@s xuíc@s se dividen en 4 puntos de técnica e 6 de presentación en técnica e 6 puntos de técnica e 4 de presentación en free.

@s xuíc@s levantarán a nota tod@s á vez. Primeiro a nota de técnica e despois a de presentación. Anotámoslas por orde, tachamos a mais alta e a mais baixa de técnica, a mais alta e a mais baixa de presentación e sumamos o resto. Non se fai media aritmética. Se non nos da tempo a copias, levantamos a man e pedímoslle @ xuíz/a ou xuíc@s dos que nos falta anotar que a levanten de novo. ISTO HAI QUE FACÉLO ANTES DE QUE O SEGUINTE PARTICIPANTE SAIA A PISTA.

## 7. Cambios de rolda

A ronda eliminatoria farase sempre que haxa 20 ou mais competidor@s, entre 9 e 19 faríase a semifinal directamente e con 8 ou menos pasaríase á final directa. Isto faise en categoría de adulto. En infantil fan eliminatoria a partir de 9 participantes, excepto nos torneos RGAL privados onde se fan finais directas ata con 12 participantes

Se hai eliminatoria en categoría infantil pasan TODOS @s competidor@s á semifinal e se sumarían as dúas notas, xa que fan un poomsae por ronda. Á final pasan 8, parten de CERO e fan dous poomsaes, cuxa suma nos dará @s gañador@s, excepto nos torneos RGAL privados onde se fan finais directas ata con 12 participantes

En competición de adultos, fan dous poomsaes por ronda i en todas as rondas se parte de CERO. Pasan de eliminatoria a semifinal a metade d@s competidor@s da eliminatoria mais tod@s @s que estean empatad@s c@ últim@ desa metade.

Os/as competidores/as de categorías infantís NON poden repetir poomsae, salvo en benxamín, e so na final.

As finais disputaranse saíndo ao tapiz en primeiro lugar @ competidor/a que pasou de octavo á final, é dicir, saírían por este orde: 8º, 7º, 6º, 5º ... saíndo de último a persoa que pasou con maior puntuación á final.

Ao rematar cada categoría, anotamos na primeira folia do sorteo os 4 primeir@s clasificad@s e o club ao que pertence cada un/ha e levamos as follas á mesa central.

## 8. FREESTYLE

### 8.1. Puntuación d@s xuíc@s

@s xuíc@s sacan dúas notas, que debemos anotar por orde de xuíz/a. Tachamos a mais alta e a mais baixa de técnica e a mais baixa e a mais alta de presentación e sumamos o resto. Non se fai media aritmética. As penalizacións a descontar de esa nota final, serían por levar xoias, camiseta inadecuada, por quedarse curto ou pasarse de tempo, por saír do tapiz ou por un Gam-jeon. O resto xa o descontan @s xuíc@s puntuador@s da súa nota.

### 8.2. Duración do exercicio

O tempo no freestyle empeza a contar coa música, é dicir, en canto empece a soar, dámoslle ao cronómetro. Agora mesmo o tempo para o freestyle infantil é de entre 50 e 100 segundos, e de 90 e 100 segundos nos adultos.

Deixaremos 3 segundos por arriba e 3 por abaixo de marxe porque en ocasións os lectores de música levan unha velocidade distinta dependendo do reprodutor, o que



significaría que, por exemplo, nun exercicio de adultos se un/ha competidor/a fai un tempo de 87 ou 103 segundos non se penalizaría.

## **9. EXHIBICION**

### **9.1. Revisión**

Se nos toca a tarefa de revisión en exhibición debemos seguir os seguintes pasos:

- a) Pasar lista d@s compoñentes da exhibición, pedíndolles DNI ou Pasaporte de cada competidor/a.
- b) Debe haber entre 5 e 12 participantes por equipo (indistintamente masculino e feminino).
- c) Revisar os mits ou manoplas para que non estean manipulados. Se atopamos algunha manipulación nos mesmos, avisamos a Dirección de Arbitaxe. Revisar que ningún/ha compoñente do equipo leve ningún tipo de xoia ou dobok inadecuado. Para exhibición pódense usar doboks completamente brancos, sempre que o colo se corresponda coa cor do cinto (branco para os de color e vermello/negro ou negro para PUM ou DAN)
- d) Revisar que non leven ningún obxecto ou utensilio duro que poña en perigo a integridade dos participantes. Se temos dúbidas, preguntar a Dirección de Arbitaxe.

### **9.2. Puntuación d@s xuíc@s**

En exhibición @s xuíc@s dan una soa nota, que apuntaremos por orde. Tachamos a mais alta e a mais baixa e sumamos o resto, sen facer media aritmética. A esta suma haille que engadir as bonificacións dos saltos e as penalizacións por corchos, caídas, saídas... que puideran ter, o que nos da a nota final.

Se hai que penalizar por xoias, camisetas... se descontaría -0,3 por cada elemento non regulamentario da nota final.

### **9.3. Duración das exhibicións**

O tempo das exhibicións son:

Entre 3:00 e 3:30 minutos en exhibición infantil e cadete

Entre 3:30 e 4:30 minutos en exhibición de adulto

Os equipos teñen 30 segundos para colocarse na pista (repartir os corchos polo tapiz, colocarse os competidores) e despois xa comeza o tempo da exhibición, que ten que empezar cunha combinación de técnica obrigatoriamente de 30 segundos como mínimo de duración, que xa se inclúen no tempo completo do exercicio.

Tamén deben realizar unha combinación de defensa persoal de 10 segundos de duración como mínimo en infantil e cadete e de 15 segundos en adulto. TOD@S @S PARTICIPANTES DEBEN FACER A DEFENSA PERSOAL, PERO NON TEÑEN QUE FACELO OBRIGATORIAMENTE DE FORMA SIMULTANEA.

Polo tanto para cronometrar unha exhibición teríamos que: Tan pronto pisen o tapiz os compoñentes poñemos en marcha o cronómetro e comezan a contar os 30 segundos para a colocación. Se rematan antes dos 30 segundos, poñemos o cronómetro a cero e volvemos a poñelo en marcha CO PRIMEIRO MOVIMENTO que fagan os competidores, NON CANDO EMPEZA A MÚSICA, e xa empeza o tempo da exhibición. Temos que vixiar que se cumpra o tempo mínimo para a combinación de técnica e o tempo mínimo de defensa persoal, pero xa non volvemos parar o cronómetro ata o remate do exercicio que será cando @ capitán/a do equipo diga “Charyot”. Se ao rematar os 30 segundos para a colocación d@s competidor@s na pista, est@s non remataron, poñemos o cronómetro a cero e automaticamente volvémoslo poñer en marcha e xa comeza o tempo do exercicio.

## 10. Solución de problemas

En caso de empate, avisamos a Dirección de Arbitaxe.

Calquera problema que poida xurdir durante a competición, debemos avisar a Dirección de Arbitaxe. Se un/ha técnic@ desexa información da categoría que se está a disputar, remitímol@ á pantalla existente no tapiz. En caso de non dispor delas, facilitámoslle a información SEMPRE NO CAMBIO DE RONDA, e SEMPRE CON EDUCACION.

O/A director/a de arbitaxe estará, entre outras cousas, velando para que os/as adestradores/as interrompan o menos posible o desenvolvemento da competición, pero se algún/ha PROTESTA, entendendo como protesta faltas de respecto, gritos ou malas maneiras, SEMPRE EDUCADAMENTE, remitímol@ á Dirección de Arbitaxe.